

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN PÚBLICAS CON INCIDENCIA NO SECTOR TURÍSTICO PROMOVIDAS NO TERRITORIO RURAL GALEGO NO MARCO DOS PROGRAMAS XESTIONADOS AO ABEIRO DO PDR DE GALICIA 2007-2013.**

Santiago de Compostela, a 4 de abril de 2011

REUNIDOS

**Dunha parte, a Consellería de Cultura e Turismo**, e no seu nome e representación, en virtude das atribucións que ten conferidas, Roberto Varela Fariña, conselleiro de Cultura e Turismo en virtude do Decreto 81/2009, do 19 de abril, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando de conformidade co previsto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e a súa presidencia,

**Doutra, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, e no seu nome e representación, Samuel Jesús Juárez Casado, conselleiro do Medio Rural, en calidade de presidente de Agader, en virtude do decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o regulamento de Agader e da disposición adicional 4ª do decreto 8/2001, do 28 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Ambas as dúas partes, con capacidade e lexitimación suficiente para a sinatura do presente convenio,

EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** A Consellería de Cultura e Turismo configúrase, en virtude do Decreto 87/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, como o órgano da administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade. Máis especificamente, e a través da Secretaría Xeral para o Turismo, asume a planificación da política de ordenación, fomento e promoción do turismo, determinando as liñas de actuación da política turística que deben rexer no territorio.

**SEGUNDO.-** Pola súa banda, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural configúrase, en virtude da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, pola que se crea, como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego.

En virtude desta norma, e da Lei 12/2008, do 3 decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural, así como da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas,

Agader asume, entre outras funcións, a xestión das medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural, así como a aplicación das medidas e actuacións que teñan por obxecto a dinamización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais.


**TERCEIRO.-** O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), aprobado por Decisión CE (2008) 703, do 15 de febreiro, modificada por Decisión C (2010) 1227, do 5 de marzo, constitúe o instrumento de programación da política de desenvolvemento rural na Comunidade Autónoma, no marco do escenario deseñado pola Comisión Europea ao abeiro do Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo a axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

No marco do PDR, Agader está a xestionar parte das medidas do eixo 3 *-calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural-* a través das convocatorias periódicas de subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, así como o eixo 4 *-programa Leader Galicia 2007-2013-*, que se xestiona a través dos grupos de desenvolvemento rural en calidade de entidades colaboradoras, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A execución destes programas prevé a subvencionabilidade de investimentos vinculados a infraestruturas e servizos no sector do turismo, que deberán adecuarse, en todo caso, ao conxunto da normativa que sobre ordenación, planificación e inspección dite a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral para o Turismo.

**CUARTO.-** Hoxe en día, o turismo rural é un elemento dinamizador clave no proceso de desenvolvemento do territorio rural galego, aínda que con valoracións desiguais segundo os territorios. Partindo desta realidade, así como da constatación de que o sector turístico constitúe un sector en desenvolvemento en moitas zonas rurais, que crea novas posibilidades de emprego e aumenta a atracción global do medio rural, os esforzos deben enfocarse cara as seguintes liñas estratéxicas de actuación:

- Reforzar e consolidar a viabilidade do tecido empresarial implantado no medio rural arredor do sector turístico.
- Coordinar as actuacións de dinamización do turismo rural, incidindo na busca de sinerxías e na promoción conxunta de proxectos por parte das entidades do sector.
- Favorecer a consolidación dunha cultura empresarial turística que aproveite as vantaxes dunha oferta turística integrada, baseada en criterios de calidade.
- Impulsar o desenvolvemento de produtos turísticos específicos e a posta en marcha de canles de venda axeitadas para a súa distribución.
- Contribuír á desestacionalización e diversificación da oferta turística, fomentando unha estancia activa no ámbito rural como destino turístico atractivo, a través da oferta de servizos turísticos integrais.
- Posta en valor e uso turístico da riqueza histórico-artística, patrimonial, cultural e natural do territorio rural
- Promocionar e comercializar o turismo rural para abrilo a novos mercados.



**QUINTO.-** Tendo en conta que as competencias en materia de fomento de ordenación do sector turístico residen na Consellería de Cultura e Turismo, faise necesario que calquera actuación que supoña unha incidencia no desenvolvemento do turismo galego debe estar referendada necesariamente polo departamento competente na materia.

No anterior período de programación dos fondos europeos (2000-2006) a coordinación e complementariedade de actuacións entre ambas entidades no marco dos proxectos promovidos ao abeiro dos programas de desenvolvemento rural que xestionaba Agader fíxose a través da figura dos convenios de colaboración.

Así, e para dar cumprimento a esta realidade, o 28 de marzo de 2003 Agader e a Consellería competente en materia de turismo asinaron un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións relacionadas coas iniciativas que puideran xurdir sobre novos establecementos de turismo rural ao abeiro dos programas de desenvolvemento rural auspiciados desde Agader. O dito convenio prorrogouse ata o ano 2005.


Posteriormente, un novo convenio foi asinado no ano 2006 entre a Consellería de Innovación e Industria, competente entón da materia de turismo, e Agader, determinando o ámbito de actuación de cada unha das partes no que se refire ao fomento e promoción dos proxectos turísticos que se poden desenvolver no medio rural.

Seguindo con este espírito de colaboración, cómpre coordinar e complementar as competencias, capacidades e esforzos técnicos, económicos e financeiros de ambas entidades co fin de rendibilizar os investimentos públicos que se acometan para potenciar o sector do turismo no territorio rural galego.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes


## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA: OBXECTIVO DO CONVENIO



O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), respecto das actuacións públicas sobre servizos e actividades turísticas a realizar no medio rural da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.

### SEGUNDA: FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS



O financiamento pola Consellería de Cultura e Turismo e Agader das actuacións públicas dirixidas aos investimentos de carácter turístico en zonas rurais de Galicia afrontarase cos seus respectivos créditos orzamentarios e de acordo coas condicións

e requisitos que sinalen as oportunas bases reguladoras de cada convocatoria, así como os criterios que se recollen nas cláusulas seguintes.

### TERCEIRA: ACTUACIÓNS A DESENVOLVER CON CARGO ÁS LIÑAS DE SUBVENCIONS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

A Consellería de Cultura e Turismo resérvase a execución, ben mediante investimento directo, ben a través dos correspondentes instrumentos reguladores das axudas, das seguintes tipoloxías de actuacións:

- Concesión ou renovación de distintivos de calidade, especialmente a Q de calidade turística segundo normas ICTE.
- Axudas destinadas á paquetización e comercialización da oferta turística de Galicia.
- Axudas destinadas á creación e mellora de establecementos hoteleiros con termalismo/talasoterapia.
- Axudas destinadas á mellora dos establecementos de turismo rural e á creación de aldeas rurais, así como a súa oferta complementaria.
- Actuacións encamiñadas á creación de denominacións de xeodestinos, difusión e promoción destes.
- Accións de promoción internacional : fam-trips, press-trips, etc.
- Mellora de establecementos hoteleiros e restaurantes.
- Innovación, renovación e implantación da xestión de calidade medioambiental dos campamentos de turismo.
- Implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre.

Todas aquelas que poidan obter axudas da Consellería de Cultura e Turismo a través das ordes correspondentes a cada anualidade.

### CUARTA: ACTUACIÓNS A DESENVOLVER CON CARGO ÁS SUBVENCIONS DE AGADER NO MARCO DO EIXE 3 DO PDR (PROXECTOS DINAMIZADORES)

No marco do eixo 3 do PDR de Galicia 2007-2013, e consonte se regule nas oportunas convocatorias de axudas aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, Agader poderá subvencionar a seguinte tipoloxía de actuacións:

- Actividades turísticas promovidas por membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria que fomenten o inicio ou mellora de calquera actividade produtiva non agraria, que supoña un complemento á renda dos

agricultores. Con carácter xeral, a actividade levarase a cabo nas instalacións da propia explotación:

Comprende actividades de:

- Transformación e comercialización de produtos agrarios ou especialidades locais na propia explotación.
  - Elaboración e venda na explotación de produtos de artesanía.
  - Turismo Rural. Acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria para a súa utilización como aloxamento e outros servizos turísticos complementarios dirixidos aos hóspedes aloxados, como servizos de restauración, instalacións deportivas, recreativas ou actividades complementarias (visitas ou percorridos turísticos, degustacións gastronómicas, etc.), sempre que se sitúen nos territorios do anexo I.
  - Actividades culturais, recreativas ou deportivas (rutas de sendeirismo, bicicleta, ecuestres, etc.), formativas ou didácticas (granxas-escola, visitas guiadas, etc.), ambientais (centros de interpretación da natureza, aulas da natureza, etc.) asociadas á valorización dos recursos patrimoniais, histórico-culturais, naturais ou paisaxísticos ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais presentes na zona.
- Creación e desenvolvemento de microempresas. Comprende:
    - Iniciativas que supoñan a creación de prazas de aloxamento como unha actividade complementaria a outra actividade principal, de carácter educativo, cultural ou ambiental. Neste caso o gasto elixible vinculado ás prazas de aloxamento non poderá superar o 30% do investimento total do proxecto.

En todo caso, a aprobación de proxectos que impliquen a creación de novas prazas de aloxamento só se permitirá naqueles concellos relacionados no anexo I.



- Creación e desenvolvemento de produtos turísticos innovadores e diferenciados, que supoñan a xestión conxunta de servizos turísticos e/ou as dirixidas ao desenvolvemento de produtos que integren unha oferta combinada de diversos servizos turísticos aproveitando as vantaxes das TIC.
- Adecuación, acondicionamento e/ou equipamento de espazos naturais con fins recreativos ou turísticos (itinerarios ou circuitos temáticos, sendeiros de interpretación da natureza, adecuación de espazos para a práctica deportiva, etc.)
- Rutas de sendeirismo.
- Calquera outra non recollida nas anteriores que reciba informe favorable conxunto da comisión establecida na cláusula oitava.

## QUINTA: ACTUACIÓNES ESPECÍFICAS A DESENVOLVER POR AGADER NO MARCO DO PROGRAMA LEADER

No marco do programa Leader, poderán percibir subvencións as seguintes tipoloxías de proxectos:

- A creación de establecementos de aloxamento será posible dentro dos concellos recollidos no anexo I.
  - Centros de atención ao visitante, que inclúan e complementen: a información ao visitante coa venda de produtos típicos da zona e sempre que sexa como máximo un por cada GDR e non exista no territorio outra iniciativa semellante.
  - Realización de rutas de sendeirismo e/ou BTT homologadas
  - Recuperación de "casas de baño", aproveitando os afloramentos minero-medicinais naqueles lugares onde non exista oferta de hotel-balneario, como unha medida de oferta complementaria aos aloxamentos rurais ou outro tipo de aloxamentos que conformen unha oferta mínima.
  - Empresas de servizos turísticos especialmente vinculadas ao desenvolvemento de actividades estreitamente relacionadas co medio rural, entre as que se destacarían as empresas de animación socio-cultural que incidan na recuperación das tradicións e labores típicos do rural galego para que ao longo do ano, especialmente nas fins de semanas e períodos vacacionais, os núcleos rurais contén con actividades de atracción turística.
  - Creación de produtos turísticos de caza e pesca a través de empresas de servizos.
  - Valorización dos recursos fluviais, especialmente embalses, propoñendo a creación de actividades náutico deportivas susceptibles de comercialización e promoción, así como zonas de baño interior (praias fluviais,.....).
- Turismo industrial vivo: realización de visitas guiadas a empresas de transformación de actividades vinculadas ao mundo rural.
- Calquera outra non recollida nas anteriores que reciba informe favorable conxunto da comisión establecida na cláusula oitava



## SEXTA.- COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNES ADMINISTRATIVAS.

I. Co obxecto de evitar a concorrencia indebida de subvencións, a Consellería de Cultura e Turismo e Agader intercambiarán a relación de solicitudes presentadas ao abeiro das súas respectivas convocatorias que teñan incidencia no sector turístico, así como a relación final de aquelas que obtiveran subvención, con expresión do

A

beneficiario, título do proxecto de que se trate, subvención concedida e porcentaxe desta respecto ao presuposto aceptado.

II. Respecto dos proxectos con incidencia no sector turístico que tramite Agader, a Consellería de Cultura e Turismo emitirá as resolucións de clasificación ou, se é o caso, autorizacións esixidas pola normativa turística, segundo o tipo de establecementos. Para estes efectos os promotores presentarán a solicitude ou declaración responsable nos Departamentos Territoriais da consellería para que os órganos pertinentes emitan as ditas autorizacións ou títulos habilitantes.

Todos os investimentos aos que se refire este convenio deben cumprir os requisitos esixidos pola normativa turística para a súa autorización e/ou clasificación, e Agader non procederá ao pagamento final se a actuación non dispón da autorización e/ou clasificación pertinente.

III. No suposto de investimentos turísticos no medio rural subvencionados por Agader no marco do eixo 3 do PDR (proxectos dinamizadores), Agader comunicará á Consellería de Cultura e Turismo a relación daqueles proxectos, relacionados co aloxamento no sector turístico, sobre os que emita informe favorable de subvencionabilidade, co obxecto de que podan ser supervisados por técnicos da consellería, que emitirán unha ficha previa de viabilidade, nun prazo non superior a un mes, ao obxecto de que Agader poida resolver a selección de proxectos coas garantías, técnicas e normativas referentes ao sector turístico.

IV. No caso de investimentos turísticos no medio rural subvencionados por Agader a través dos GDR, a Consellería de Cultura e Turismo poderá supervisar e inspeccionar as accións subvencionadas a través do seguinte procedemento:

Fase A. Consulta previa de viabilidade.

Os GDR, a instancia e en representación do promotor, poderán formular unha consulta previa de viabilidade ante a Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo.

Cando se trate de proxectos de creación de establecementos de aloxamento, xunto coa solicitude, o GDR debe presentar a seguinte documentación:

- Memoria concisa e clara (arquitectónica, construtiva, urbanística, de explotación e actividades complementarias, cadro de superficies).
- Fotografías de estado actual.
- Planos de plantas, dunha sección alomenos e de alzados. No seu caso, plano de estado actual.
- Presuposto estimado por metro cadrado en función das superficies.
- Licenza municipal de viabilidade urbanística da actuación prevista.

A Secretaría Xeral para o Turismo emitirá unha ficha de avaliación previa sobre a viabilidade do estudio básico ou memoria no prazo dun mes desde a súa solicitude. A ficha de avaliación previa remitirase ao GDR e a Agader.



A

Sen prexuízo da consulta previa de viabilidade, os GDR poden realizar consultas diante da Secretaría Xeral para o Turismo sobre aspectos técnicos ou normativos dos proxectos en estudo ou preparación, así como dos que estean tramitándose.

Fase B. Proxecto de execución.

No curso da tramitación do procedemento de concesión das axudas, e con carácter previo á verificación do informe de control de elixibilidade, Agader remitirá o proxecto de execución definitiva ante a Secretaría Xeral para o Turismo.

Esta emitirá informe técnico sobre o proxecto de execución no prazo de 1 mes desde a súa solicitude. O informe técnico remitirase ao GDR respectivo e a Agader.

Fase C. Seguimento da execución.

Respecto dos investimentos subvencionados por Agader no marco dos eixos 3 e 4 do PDR de Galicia 2007-2013, a Consellería de Cultura e Turismo realizará as inspeccións e actuacións de comprobación durante a execución como se tratase de subvencións da propia Consellería.

#### SÉTIMA.- VIXENCIA, MODIFICACIÓN E DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2011, considerándose prorrogado de maneira tácita se non o denuncia de maneira expresa calquera das partes, polo menos, cun mes de antelación.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento, por mutuo acordo.

#### OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO E SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Crease unha Comisión de Seguimento integrada por seis persoas:

Por parte da Consellería de Cultura e Turismo:

O/a titular da Secretaría Xeral para o Turismo, ou persoa que designe na súa substitución.

O/a subdirector/a xeral de ordenación, inspección e planificación turística, ou persoa en quen delegue.

O/a subdirector/a xeral de xestión, fomento e cooperación, ou persoa en quen delegue.





Por parte de Agader:

O/a titular da Dirección Xeral de Agader, ou persoa que designe en substitución

O/a subdirector/a de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural ou persoa en quen delegue.

O/a subdirector/a de relacións cos grupos de acción local ou persoa en quen delegue.

Esta Comisión terá as seguintes funcións:

- Resolver os problemas e controversias que poida suscitar o convenio na súa execución.
- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- Realizar o seguimento do financiamento público concorrente de Agader e a Consellería de Cultura e Turismo sobre os proxectos incluídos no ámbito de actuación das partes
- Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes
- Informar sobre a conveniencia e utilidade de subvencionar investimentos turísticos no medio rural, tendo en conta o impacto socioeconómico do proxecto e a contribución deste á recuperación do patrimonio arquitectónico ou natural, á creación de emprego, á atracción de novos visitantes e á desestacionalización da oferta.

A Comisión reunirase cando así o considere necesario calquera das partes.

O presente convenio ten natureza administrativa.

As controversias que non sexan resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse ao procedemento de solución de conflitos interadministrativos entre a Consellería de Cultura e Turismo e a do Medio Rural, á que está adscrita Agader.

Lido o presente convenio por ambas as dúas partes, en proba de conformidade asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura e Turismo


O conselleiro



Roberto Varela Fariña

Por Agader

O presidente



Samuel Jesús Juárez Casado

ANEXO I

CONCELLOS NOS QUE SE PODEN SUBVENCIONAR NOVOS ALOXAMENTOS  
TURISTICOS NO MEDIO RURAL A TRAVES DE AGADER OU DOS GDRS

PROVINCIA DA CORUÑA  
GDR-26

Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo  
e Zas

GDR-28

Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo

PROVINCIA DE LUGO  
GDR-2

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Guitiriz, Muras, Pastoriza (A), Vilalba e Xermade

GDR-3

Baleira, Meira, Negueira de Muñiz, Pol, Pontenova (A), Ribeira de Piquín e Riotorto

GDR-5

Baralla, Becerreá e Navia de Suarna

PROVINCIA DE OURENSE  
GDR-11

Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil,  
San Xoán de Río, Teixeira (A), Viana do Bolo e Vilariño de Conso

GDR-13

Castrelo do Val, Cualedro, Gudiña (A), Laza, Mezquita (A), Monterrei, Oímbra, Ríos,  
Verín e Vilardevós

GDR-14

Baltar, Blancos (Os), Calvos de Randín, Porqueira, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras,  
Vilar de Barrio e Xinzo de Limia.